

EMIGRACIÓN DE RETORNO, LIDERADO POLÍTICO E MODERNIZACIÓN ECONÓMICA NA GALICIA ANTERIOR Á GUERRA CIVIL

Raúl Soutelo Vázquez
Grupo Hispona (USC)

DOI: 10.17075/iftpc.2021.016

«Para os que se van, é, antes que nada, unha experiencia individual; para os que quedan é, sobre todo, un problema social.» Ramón Piñeiro resumía con esta frase a percepción da emigración predominante na intelectualidade galeguista de mediados do século pasado. Facíao na súa intervención no Primeiro Congreso da Emigración Galega realizado en 1956 en Bos Aires, para concluír que «todos os galegos participamos no feito da emigración», ben fose «vivíndoa como experiencia ou vivíndoa como problema».

Trátase, certamente, dun fenómeno omnipresente na evolución demográfica, económica, social e identitaria dos galegos durante os dous últimos séculos e que aínda ten unha forte pegada na actualidade. Mesmo condicionou estratexias e discursos políticos dirixidos de xeito específico aos «galegos na diáspora» por parte da Xunta de Galicia. Porén, as imaxes elaboradas na sociedade galega sobre a emigración diverxen de maneira considerable das que se formaron dentro do propio colectivo emigrante, xa fose na microescala da memoria familiar, xa no discurso oficial creado polas elites emigradas (Núñez Seixas 2002).

1. A PERCEPCIÓN DOS GALEGUISTAS SOBRE A EMIGRACIÓN A AMÉRICA

Entre boa parte da intelectualidade galega predominou unha imaxe negativa da emigración. Era vista como a única resposta posible daquelas xentes do común que aínda tiñan algún recurso para financiaren a viaxe fronte á situación de explotación económica e dominación política por parte do Estado liberal español, que esquecía os intereses dos galegos e só se lembraba deles nas derramas de «trabucos» e nas levas dos «quintos». Poderosos atrancos estruturais

pexaban o desenvolvemento das riquezas de Galicia, nomeadamente a modernización agrogandeira da «Suíza peninsular»: a terra mal partillada e peor explotada pola minifundización da propiedade, o atraso técnico e o consabido desleigamento das instancias públicas que representaban o Estado español. A premisa maior é un tópico ben alicerzado na identidade colectiva, a forza de repetirse na prensa galeguista e na literatura dende o século XIX ata datas recentes. Mais vaíamos por partes.

Moitos deses intelectuais procedían do grupo de propietarios rendistas ou da burguesía comercial que investira en terras desamortizadas e arelaba eliminar os contratos forais para arrendalas aos labregos por períodos temporais curtos, recibindo o pagamento en metálico¹. Denunciaron as inxustizas que padecían os labregos, indefensos e desvalidos ante os abusos do Estado en materia de recadación, a usura das elites locais e as inclemencias naturais, mais non propuxeron unha reforma da propiedade da terra que facilitase a modernización das explotacións nin criticaron o control social que exercía o clero rural, lexitimando aquel *statu quo* desfavorable para as xentes do común (Velasco Souto 1994: 77). É un exemplo da simbiose das elites galegas, tanto rurais como urbanas, co Estado liberal español durante a Restauración. Aquelas controlaban o poder político municipal e enriquecéronse grazas ao tráfico de emigrantes para América e á xestión das remesas destes².

¹ Por iso salientaban, en plena crise agraria finisecular, o esgotamento do sistema foral debido á «falta de terras que aforar por estarlo ya las mejores»; isto, pola súa vez, «fuerza a la emigración» (Villaamil y Castro 1883: 26).

² Realidades que non aparecen, por exemplo, no discurso vitimista de Lamas Carvajal, pois o populismo campesiñista que espallou, sucesivamente, nos artigos de *El Heraldo Gallego*, no *Catecismo do labrego* (1888) e en *O Tío Marcos d'a Portela* agochan esa realidade da explotación económica e a marxinação política da maioría social de Galicia polas elites autóctonas. *O Tío Marcos d'a Portela*, subtítulo *Parrafeos c'o pobo galego*, tirou 4000 exemplares entre 1876 e 1889. Distribuíronse en feiras e nos adros parroquiais á saída das misas, que eran os principais espazos de sociabilidade da Galicia rural, e contribuíu a xerar unha mentalidade rexionalista ou, polo menos, vitimista, que reactivou Basilio Álvarez dende 1910. No mitin de Bande (26 de xaneiro de 1913) presentou o soño de «facer as Américas» como un engano da hexemonía política e social das elites locais sobre as pobres xentes do común, forzadas a fuxir da miseria da súa propia terra (Bernárdez Sobreira e Román Lago 2007: 112-113).

No entanto, rexionalistas como Valentín Lamas Carvajal e Manuel Curros Enríquez responsabilizan só o Estado español da mísera situación económica dos paisanos e da falta dun porvir na «terra» ante as inxustizas que padecían. A Galicia finisecular carecía dunha auténtica rede escolar de instrución primaria, de infraestruturas para vender as súas producións e de voz propia nas Cortes españolas, porque os deputados dos partidos dinásticos satisfacían primeiro a súa ambición e, deseguido, os intereses das súas clientelas, sen denunciaren o aumento da fiscalidade e o empobrecemento das xentes do común, que as obrigaba a emigrar³.

A xeración de Solidaridad Gallega e *Prácticas Modernas* deu un paso adiante, asentando as ideas centrais do discurso agrarista asumido polas Irmandades da Fala dende a súa fundación no 1916: a rexeneración económica e social de Galicia precisaba implicar as elites endóxenas e os emigrados no fomento do asociacionismo e no cooperativismo, que mellorarían a inserción das explotacións familiares nos mercados e reducirían, así, a emigración dos seus fillos máis emprendedores⁴. Algúns dirixentes da efémera e antiforista Liga Agrario-Redencionista de Acción Gallega denunciaron a emigración como un cancro que «[extenuaba] y [debilitaba] las aldeas», reclamando ao Estado español que imitase o dinamarqués ou o sueco para garantir o crédito con xuros reducidos e fomentar o asociacionismo agrícola como «remedio que [terminase] con la esclavitud de Galicia»⁵. Porén, albiscaron que a experiencia laboral nas cidades americanas estaba concienciando os galegos e por iso Basilio Álvarez viaxou a Cuba

³ Remitimos aos artigos titulados «La causa de nuestros males», «La emigración de los gallegos» e «El estado de la población rural» (*El Heraldo Gallego*, 16-IX-1875, 25-II-1880 e 5-III-1880).

⁴ As conclusións da I Asamblea Agraria de Galicia (Monforte de Lemos) recollen esa percepción «solidaria» da emigración como un andazo necesario para a modernización económica e social de Galicia: «[E]s la mejor y menos costosa revolución [...]. Hay que fomentarla cuanto se pueda mientras no podamos vivir sin ella [...]. En tanto el Estado no nos proporcione las escuelas a las que tenemos legítimo derecho y trabajo construyendo esos caminos tan necesarios para el desarrollo de las industrias agrícolas de Galicia».

⁵ Citamos entre comiñas frases de Prudencio Canitrot («Árbol boca abajo», *Acción Gallega*, 8, 1-V-1910).

e Bos Aires na procura de financiamento para redimir Galicia. Os galegos de América non tiveron con el o comportamento xeneroso que agardaba porque xa formaban parte de sociedades microterritoriais para a mellora das condicións de vida nas súas freguesías e concellos de orixe.

Ese vizoso asociacionismo microterritorial, que dotou a Galicia da primeira rede escolar de calidade (nos predios e no material didáctico polo menos) e de moitas obras que melloraron as condicións de vida da veciñanza, demostra o errado da imaxe negativa da emigración que transmitiron os intelectuais nacionalistas coetáneos das vagas migratorias⁶. Reforzaron ese discurso populista que presentaba o Estado español e os seus representantes locais como responsables do atraso económico e da extorsión fiscal da poboación, forzada a emigrar en masa. Os políticos agraristas e rexionalistas máis espelidos ofreceron a eliminación do sistema foral e da parasitaria rede caciquil como solucións no curto prazo e procuraron a alianza co asociacionismo dos emigrados⁷. O contexto internacional, determinado polo éxito dos revolucionarios rusos, e a crise económica e política terminal do réxime da Restauración dende 1917 favoreceron a radicalización do agrarismo, que asumiu o discurso abolicionista e incentivou o boicot dos veciños ás elites locais, que pretendían seguir cobrando as rendas forais e ameazaban con impostos municipais extraordinarios. O resultado foron folgas agraristas que desabasteceron os mercados urbanos e revoltas populares como as de Nebra, Sofán e Guillarei, que demostraban a relativa politización do campe-

⁶ Compárese, como exemplo, a crítica de Roberto Blanco Torres á «desorientación de los emigrados respecto de las realidades nacionales, sin tener del patriotismo más que una noción irracional, un superficial sentimiento instintivo», e ás «sociedades y comisiones, casi todas de carácter instructivo [...] [porque] como no caben todos en los puestos directivos fundan otra» («Patriotismo pasado por agua», *La Zarpa*, 3-XII-1921), coas afirmación de Ramón Piñeiro no seu discurso no Primeiro Congreso da Emigración Galega (Piñeiro [1956] 2006).

⁷ Pensemos en Portela Valladares, que tivo o seu feudo no distrito electoral da Fonsagrada grazas á alianza coas clases medias locais e á incorporación do argumentario de agraristas e galeguistas no seu discurso, case apocalíptico, por certo, en ocasións, como no caso da conferencia titulada *Momentos de Galicia*, que pronunciou no Ateneo olívico en 1922.

siñado. Foi a masa electoral cortexada por todas as organizacións políticas e sindicais dende a segunda década do século pasado⁸.

A ditadura de Primo de Rivera extirpou, aparentemente, a vella elite política corrupta e ineficiente, fomentou os servizos estatais de asistencia técnica á agricultura e á gandería, realizou obras de interese público, como fontes e lavadoiros, e aprobou o decreto de redención que resolvía o vello conflito foral. O campesiñado investiu os aforros da emigración e da venda de gando vacún ou de viño na compra dunha terra sobreprezada por escasa e demandada, consolidando o minifundismo que pexou a modernización da agricultura galega nas décadas seguintes (Villares 1982). A desfeita daquel «complexo agrario» polas pegadas sucesivas da crise económica dos anos trinta, da Guerra Civil, que decimou os efectivos pecuarios galegos, e das políticas autárquicas franquistas asolagou a sociedade galega nunha longa posguerra de medo e de fame da que fuxiu emigrando, de novo, nos anos cincuenta do século pasado.

As imaxes desas novas vagas migratorias a América, a Europa e ás cidades favorecidas polas políticas industrializadoras do *desarrollismo* franquista na segunda metade do século pasado, que transmitiron intelectuais coetáneos como Ramón Piñeiro, Celso Emilio Ferreiro e o propio Xosé Manuel Beiras, mantiveron, no substancial, a visión hipercrítica das consecuencias da «diáspora» que predominara no pensamento galeguista anterior á Guerra Civil (Núñez Seixas 1992: 50-65). Reforzaron, ao cabo, esa «tradición un pouco maldita nas elites culturais galegas que é considerar como bo o que se queda e malo quen

⁸ Os nacionalistas presentáronse como continuadores de Solidaridad Gallega e Acción Gallega. Por iso Antón Villar Ponte e Arturo Nogueiro participaron nos mitins agrarios e Vicente Risco colaborou no periódico *La Zarpa* e presentou o manifesto *A Irmandade Nazonalista Galega á Sociedade* na asemblea da Irmandade Nazonalista Galega (A Coruña, 18 e 19-III-1923). Era un programa rexeneracionista e modernizador da Galicia rural cun populismo radical impropio do Risco máis coñecido, porque arelaba «entrar» no asociacionismo agrarista. No punto XIII propuñan «impedir canto se [puidese] a emigración, procurando que todo-los galegos [atopasen] dentro da súa Terra traballo e mantenza dabondo para si e para as súas familias», e, namentres, «capacitar ó emigrante galego pra loitar pola vida e dotalo de institucións de protección».

marcha»⁹. O discurso de Ramón Piñeiro naquel Primeiro Congreso da Emigración Galega é unha boa mostra diso. Argumentou, para empezar, que o abandono da terra propia na procura dun mellor pasar noutras alleas só se xustificaba polo clásico desequilibrio malthusiano entre o estancamento dos recursos materiais e a superpoboación relativa que se daban na Galicia da posguerra¹⁰. Os mozos máis emprendedores expresaban a súa frustración marchando e demostraban a afouteza dos galegos triunfando economicamente en contextos económicos e sociais moi diferentes da sociedade patriarcal e rural de orixe. As experiencias laborais e relacionais no heteroxéneo e competitivo mundo urbano convertéronos en incansables xigantes na procura do benestar material para os seus e do recoñecemento social dos veciños cando retornaron presumindo de «homes feitos a si mesmos». Mais, para merecérenos, debían purgar o «pecado orixinal» da súa «deserción» apoiando os proxectos galeguistas de «volverlle as esencias» da súa identidade colectiva á «grexa» que permanecía en Galicia (Piñeiro ([1956] 2006: 75-76).

Dese xeito, os «emigrantes-desertores» convertíanse en «redentores»... , mais, polo que sabemos grazas ás pescudas realizadas dende a historia económica e social, a antropoloxía e a socioloxía rural, esa arela non tivo moita prioridade na axenda da maioría dos nosos emigrados. Alomenos ata que se enriquecían abondo para retornaren, cumpridos xa os obxectivos do seu proxecto migratorio, e procuraban a aceptación e o recoñecemento dos paisanos para reinserírense con éxito na sociedade de orixe.

⁹ Reproducimos entre comiñas a afirmación do profesor Ramón Villares que caracteriza esa visión excesivamente negativa como «unha especie de traxedia interpretativa e cultural» (*La Voz de Galicia*, 25-IX-2013). Temos un exemplo na obra de Celso Emilio Ferreiro, vencellada coa poética de Curros e de Rosalía e, sobre todo, co pensamento político de Castelao, cando aquel responsabiliza os emigrantes do relativo fracaso na construción dunha sociedade civil politicamente comprometida e mellor artellada no que atinxe á mobilización contra as políticas da ditadura franquista (Soutelo e Vázquez Lojo 2015: 157 e ss.).

¹⁰ Admitía que «Galicia [era], economicamente, un país *atrasado*», mais, «arrincando deste feito, cada emigrante que [abandonaba] Galicia para ir precurar subsistencia en terras alleas [era] un “desertor”, si nos colocamos [...] no terreo dos intereses económicos do seu país», porque «todol-os homes estamos obrigados a consagrar o noso esforzo ó milloramento das condicións de vida do noso país» (Piñeiro [1956] 2006: 72-73).

2. AS CONSECUENCIAS DA EMIGRACIÓN AMERICANA PARA A SOCIEDADE GALEGA DA ÉPOCA

As pescudas realizadas nas últimas décadas, e mesmo algunhas observacións dos coetáneos, como Peña Novo, forneceron evidencias abundas para rexeitar a visión exclusivamente negativa da emigración como un atranco para a mobilización sociopolítica do campesiñado galego. Demostraron que as remesas enviadas polos emigrantes e os aforros repatriados polos retornados melloraron as explotacións agrícolas que xestionaban as súas familias e as casas nas que vivían e financiaron o establecemento de negocios que diversificaron a oferta local e doutras actividades máis innovadoras na economía galega da época. Ademais moitos retornados utilizaron a conciencia reivindicativa que acadaran nas súas experiencias sociolaborais na emigración para desafiar os representantes locais dos partidos dinásticos dende as asociacións agraristas e loitaron polas liberdades persoais e a xustiza social durante a Segunda República. Uns e outros contribuíron, xa que logo, á mellora das condicións de vida nunha sociedade rural que foi máis dinámica e conflitiva do que estableceu o relato histórico elaborado polas elites urbanas ao servizo do Estado.

2.1. As consecuencias económicas: o investimento das remesas individuais e colectivas dos emigrantes

As análises dos libros maiores e auxiliares dos comerciantes que actuaron como receptores dos xiros dos emigrantes e da documentación conservada polas familias con emigrantes indican que destacaron os envíos de pequenas cantidades para pagar débedas xa contraídas e auxiliar a familia, sobre todo por parte dos establecidos na Arxentina. As grandes remesas foron inmediatamente anteriores ao retorno de *mexicanos* e *cubanos* cun proxecto de investimento

en Asturias e en Galicia (García López 1992; Villares 1997: 249-54; López Facal 2014)¹¹.

A contía das remesas enviadas polos emigrantes a Galicia para melloraren as condicións de vida das súas familias xa interesou a coetáneos tan ben documentados como o deputado liberal Eduardo Vincenti, o conservador ministro de Fomento e Facenda Augusto González Besada e o economista Lois Peña Novo. O primeiro afirmou que España recibía anualmente uns 96 millóns de pesetas en xiros dos emigrantes, dos cales 40 ou 50 millóns correspondían a Galicia e se destinaban, maioritariamente, ao financiamento das casas labregas¹². Lois Peña Novo subiu aos 300 millóns de pesetas anuais as cantidades recibidas ata 1929, para concluír que «estos gallegos [ahorraban], primero, para reintegrar a sus familiares los gastos de su viaje y después para comprar alguna tierra, hacer una casa, levantar una hipoteca, redimir un foro, etc.» (Peña Novo 1995: 48). Porén, a análise rigorosa dos libros maiores e auxiliares de «Letras a Pagar» do Banco de Olimpio Pérez indica que o volume de remesas americanas pagadas aos beneficiarios probablemente alcanzaba unha media anual de 2 800 000 pesetas¹³. Cifra inferior aos citados cálculos dos coetáneos e de expertos posteriores

¹¹ O concepto «remesas» abrangue aquelas operacións que non son o pagamento de mercadorías ou servizos e das que resulta unha entrada de fondos. Comprende os envíos periódicos de diñeiro destinados a particulares, os puntuais para obras de interese social e os aforros que repatriaron os emigrados ao retornaren (García López 1992: 20-21).

¹² Vincenti usou datos de transferencias do Banco Español del Río de la Plata en 1906 para puntualizar, nunha conferencia pronunciada no Centro Galego de Madrid a comezos do ano seguinte: «[P]agan las contribuciones al Estado, las rentas de la propiedad al señorío, compran aperos y semillas, reedifican la casa y redimen la suerte del servicio militar». É imposible calcular a cantidade total de remesas chegadas a Galicia dende América por canles legais ata que se analice a documentación contable das entidades bancarias, nomeadamente o Pastor, que foi o principal xestor dese fluxo de capitais, e aínda quedarían as remesas efectuadas por vías informais.

¹³ Esa casa de banca compostelá recibiu 161 917 084 pesetas entre 1884 e 1931, cunha media de 3 373 273 pesetas anuais, e pagou un valor de 144 976 365 pesetas, cunha media de 3 020 341 pesetas/ano, para acadar un máximo de 9 914 696 pesetas en 1920 (López Facal 2014: 375).

como Alejandro Vázquez, partindo dun *Interrogatorio sobre Emigración* conservado no arquivo municipal de Padrón¹⁴.

As pescudas confirmaron a importancia das remesas dos emigrantes na modernización das explotacións agrícolas e gandeiras familiares, no establecemento de pequenos comercios nas vilas galegas (Villares Paz 1984) e na mellora tecnolóxica da pesca en poboacións mariñeiras como Cervo (García López e Pernas 1999), mais apenas aparecían en actividades innovadoras cuxa tipoloxía e casuística foron descubriendo, precisamente, os historiadores da economía, que demostraron que o diñeiro da emigración financiou o xurdimento de novas industrias e empresas en moitas bisbarras galegas durante as primeiras décadas do século pasado (Carmona Badía 1984: 48-49). Tratouse, porén, de *americanos* que aproveitaron os coñecementos comerciais e profesionais acadados alén mar para desenvolveren actividades innovadoras en cidades ou vilas, procurando unha clientela para mantérense e prosperaren¹⁵. A casuística coñecida apunta a que os *cubanos* volvían máis familiarizados coa maquinaria, polo que moitos deles estableceron negocios de venda de automóbiles e talleres de reparación, ou empresas de transporte de mercadorías e viaxeiros¹⁶. Os arxentinos, pola contra,

¹⁴ Os veciños deste concello recibiron entre 350 000 e 400 000 pesetas anuais por remesas dos emigrantes ata 1928. Multiplicando esa cantidade só polo número de concellos de tamaño parecido e cunha pegada semellante do éxodo laboral a América, resultan sobradamente fundamentados os cálculos de Peña Novo, de xeito que as remesas chegadas a Galicia puideron supoñer o 50 % do total español nos anos finais da emigración en masa (Vázquez González 2015: 520, 525-527).

¹⁵ Sirvan de exemplo tres empresarios ourensáns. Cesáreo Labrador aprendeu o oficio nunha reloxaaría en Bos Aires e fundou a Casa dos Lentos en Ourense e O Barco cando retornou (*La Región*, 15-I-1923). O *cubano* Eloy Viso estableceu unha tenda de ultramarinos na praza do Ferro e fundou Licores Viso, que era a única destilaría de Galicia en 1923 e que contaba con máis de vinte empregados, unha frota de «coches de liña» e dous camións para atender os pedidos que lle facían dende Cuba, Guinea e Porto Rico (*La Región*, 30-XII-1947). Rogelio Fernández marchou da casa paterna en Bande para Cuba aos catorce anos. Formouse como perito industrial, coñeceu o funcionamento da industria norteamericana grazas a unha bolsa na Universidade de Columbia e retornou á Illa para desempeñar cargos directivos na industria naval e azucreira. Volveu para Ourense en 1926 e fundou unha fábrica de cerrallaría, caldeiraría e construcións metálicas que trasladou a León en 1953 (*La Región*, 16-V-1966).

¹⁶ Os irmáns Isaac e Higinio Vázquez González, industriais en Cuba, investiron no Garage Americano dos seus irmáns, que vendían os prestixiosos Dodge e Chevrolet en Ourense e en Vigo (*La Región*, 15-V-1925).

aproveitaron os coñecementos comerciais acadados na emigración, para reproduciren a diversificación típica do sector¹⁷.

A propia emigración a América de parte da man de obra dispoñible nas bisbarras galegas tivo moitas consecuencias positivas para a economía local. Moitos *cubanos* e *arxentinos* incorporaron nas súas explotacións agrogandeiras os adiantos técnicos que viran alá e fomentaron esa mecanización selectiva a través dos sindicatos e sociedades agrarias das súas freguesías de orixe (Fernández Prieto 1992, 1997; Soutelo 2007). Outros aproveitaron os coñecementos acadados en Cuba ou nos Estados Unidos para arraxaren arados de vertedoiro e malladoras¹⁸. Impulsaron a mecanización das explotacións porque reducía o risco de perder as colleitas e o pagamento de xornais e melloraba as condicións de traballo, co cal evitaba que os fillos tamén abandonasen a casa, como aconteceu, ao cabo, co éxodo rural dende os anos cincuenta do século pasado (Íszaevich 1991: 289-290; Soutelo 1998).

Loxicamente, as oportunidades de negocio no espazo social ao que se reintegraron estes *americanos* determinou o carácter máis ou menos innovador dos seus investimentos. Nas contornas rurais destaca o caso dos serradoiros mecáni-

¹⁷ Rosendo Fernández González emigrou a Lisboa aos 14 anos e a Bos Aires catro anos despois. Prosperou no sector comercial e estableceu unha mancha de negocios cando retornou á súa freguesía natal de Soutelo (Salceda de Caselas) aos 32 anos. Traía diñeiro abondo para ascender na sociedade local, pois casou coa filla dunha familia acomodada de Tui que tiña numerosas propiedades en Vigo e estableceu, sucesivamente, unha taberna con venda de teas e comestibles e servizo de barbaría, unha muiñeira eléctrica, unha fábrica de cadaleitos e outra de zapatos. Prestaba diñeiro aos familiares e veciños e investiu en montes para extraer madeira e barro e en viñedos para autoabastecer de viño a súa taberna. Os seus criados recollían na estación ferroviaria de Guillarei o correo para a freguesía e as mercadorías encargadas para a ferretaría e a mercería, polas que tributaba como industrial nos anos trinta. Foi concelleiro dende 1917 ata 1922 e durante toda a ditadura de Primo de Rivera (Soutelo e Vázquez Lojo 2019).

¹⁸ Mesmo adaptando pezas e motores no desfavorable contexto tecnolóxico da autarquía da posguerra, como fixeron Manuel e Ramón Sieira Queiruga, fillos do ferreiro de Sendia (Nebrá). Traballaran na construción de encoros nos Estados Unidos e na Fábrica de Armas da Coruña antes de faceren unhas malladoras máis estreitas, simples e baratas que as de Ajuria. Mallaron o cereal das «aldeas do monte» ata que foron substituídas polas Campeva movidas por tractores na década de 1960 (Soutelo e Vázquez Lijó 2018: 231 e ss.).

cos, que se espallaron dende comezos da centuria polo aumento da demanda de madeira para a construción civil e para atender os paisanos que levaban toradas a serrar, porque era máis rápido e barato que contratar os serranchíns, adoito portugueses, que traballaban a mantido¹⁹. Capitais da emigración americana e retornados dela participaron, tamén, nos proxectos hidroeléctricos pioneiros que xurdiron dende finais do oitocentos e que forneceron a enerxía necesaria para as actividades industriais e de lecer nocturno das cidades e vilas daquela Galicia moderna de hai cen anos²⁰.

Coñecemos ben a natureza da principal remesa colectiva dos emigrantes, que foi a creación e o sostemento dunha rede escolar de calidade (Peña Saavedra 1991, 1995). Con todo, apenas se atendeu á pegada local das remesas dos *americanos* na mellora das condicións de vida de familiares e veciñanza na empobrecida sociedade da posguerra²¹. Nomeadamente, a importancia real que tiveron os envíos de roupa, polo xeral usada, para os familiares de Galicia, así como a reactivación das redes migratorias nos anos cincuenta do século pasado. Sen esquecermos outros aspectos, que debullaremos nas páxinas que seguen.

¹⁹ As caldeiras de vapor de moitos deses serradoiros tamén produciron electricidade para as modernas muiñeiras, como a que existía nas freguesías limiás na década de 1920 (Risco [1929] 1993: 11) ou a que estableceu o *arxentino* Luís Rodríguez en Salceda de Caselas (*El Tea*, 796, 13-VII-1926). Outras ata subministraban electricidade para as casas veciñas, como a dos irmáns Rodríguez en Melias de Coles (Risco 1980: 312).

²⁰ Nomeadamente na provincia de Pontevedra, grazas ao emprendemento de Laureano Salgado, apoiado por banqueiros composteláns e pontevedreses como Riestra (Soutelo 2009). Sen esquecer casos concretos, como o do *cubano* Manuel Porto Verdura, que marchou de Nigoi (A Estrada) aos 13 anos. Prosperou fabricando vasoiras e investiu na Nueva Electra estradense, que dirixiu entre 1928 e 1934, ao tempo que construía edificios senlleiros da arquitectura urbana local (Fernández Bascuas 1998). Foron méritos abondos para que a rúa principal da vila levase o seu nome dende 1931, ata recibir o de Calvo Sotelo en 1937 (Arca Caldas 1995). Cf. tamén Núñez Seixas (1998: 57-62).

²¹ En Salceda de Caselas, por exemplo, os *brasileiros* Faustino Vaqueiro e Salustiano Juste adiantaron cartos para a traída telefónica en 1957 e Antonio Rodríguez Suárez, outro «*brasileiro* ricacho», abriu unha pista na súa aldea para poder meter o seu coche na casa (Soutelo e Vázquez Lojo 2019).

2.2. Os efectos negativos das remesas da emigración

A chegada dos capitais *americanos* aumentou a demanda de terras e o seu prezo, co que dificultou o acceso a elas por parte das familias que non contaban con financiamento externo e fomentou, polo tanto, a «febre migratoria» na procura deses recursos para mercar máis terras²². Porén, a emigración dos homes novos acelerou o abandono das terras e a sobreexplotación das mulleres, nenos e vellos das «casas» labregas sen que mellorase a produtividade agrícola²³. Isto, xunto co aumento da demanda de cereais polas familias beneficiadas con remesas dos emigrados, inseriu tendencias inflacionistas nos mercados de alimentos (Vázquez González 2015: 532-37). Finalmente, dende os anos cincuenta, a marcha de parte da man de obra dispoñible nas bisbarras galegas induciu a mecanización das explotacións para evitar o pagamento de xornais ou que os fillos abandonasen a casa nun contexto de éxodo rural masivo e desfeita da economía orgánica tradicional.

As mudanzas nas mentalidades que viñeron causadas polo fenómeno migratorio non foron consideradas positivas para todos os sectores da sociedade galega da época. O contacto coas sociedades urbanas, máis liberais e individualistas, transformaba a maneira de pensar dos emigrantes e a súa forma de percibir a

²² A documentación familiar das elites locais fornece exemplos de *americanos* comprando pazos e leiras grandes como proba do seu ascenso social no Ribeiro ourensán (Domínguez Castro 1992: 108, 115 e 117) ou en Caldas de Reis. A viúva do comerciante e banqueiro Juan Ramón de la Riva informaba por carta ao seu fillo en 1915 do seguinte: «[L]a finca de Fontán lindante con la nuestra ya se vendió en 55 000 reales a un americano, bien siento no poder llegar a ellos. Si tu padre viviese empeñaría la camisa para adquirirla por lo mucho que la deseaba» (fondo documental conservado por Juan Froján).

²³ A redución da oferta de man de obra agrícola pola emigración, combinada co aumento da demanda propiciada pola chegada de capitais americanos, incrementou os salarios mínimos masculinos, mais tamén favoreceu a participación de mulleres e nenos no traballo agrícola e industrial, coa conseguinte caída da produtividade por traballador e tamén dos salarios medios, que estiveron entre os máis baixos de toda España (Vázquez González 2015: 532 e 541). Ao cabo, as xentes do común que non marcharon pouco ganaron coa emigración dos homes.

realidade e de operar nela. Cando retornaban ao espazo social de orixe, moitos *americanos* espallaban ese individualismo entre familiares e veciños, poñendo as arelas de éxito económico por diante doutros valores comunitarios, característicos da sociedade rural galega.

En primeiro lugar, isto reduciu a autoridade moral dos pais cando os fillos emigrados antepuxeron os seus proxectos de vida, excluindo o retorno para coidárenos a cambio de melloras na herdanza²⁴. Minguou, tamén, a capacidade daqueles para orientaren o matrimonio dos fillos cando marcharan solteiros e casaron na emigración. O mesmo que a transmisión xeracional de valores sociais e culturais que alicerzaban a economía moral daquela sociedade rural en transición.

En segundo termo, produciu a creba de feito co marido en moitos matrimonios, aparentemente porque os homes emigrados se esqueceron da dona e dos fillos que deixaran na casa. Porén, a análise de epistolarios familiares reflicte certa capacidade das mulleres para negociaren o investimento das remesas e a reformulación do proxecto migratorio dos seus homes²⁵.

En terceiro lugar, aumentou o desequilibrio de xénero, empeorando as oportunidades das mozas do común para casaren. Por iso, moitas que xa ían vedrañas fixérono con *americanos* e algúns ata casaron con sobriñas, animadas pola nai (e irmá do contraente), para conservaren e mesmo incrementaren o patrimonio da

²⁴ A análise de casos concretos, como o da familia Rial Feijóo de Cordeiro (Valga) ou o dos Fernández Boán de Amoeiro (Soutelo 2012: 970 e ss.), indica que os varóns emigrados axudaron economicamente os pais, mais non retornaron para coidárenos. Tampouco o fixo Caetano Borrajo, exitoso industrial en Cuba, senón que procurou que o fixese o seu irmán porque achegaría unha muller que coidase da casa patrucial que el atendera enviando cuantiosas remesas (Soutelo 2017: 96 e ss.). Pola contra, adoitaron retornar as mulleres para coidaren os pais, sobriños ou irmáns, renunciando ao seu proxecto de vida autónomo na emigración (Soutelo 2017: 183 e ss.).

²⁵ A dona de Benjamín Lozano rexeitou vender a casa e as terras para xuntar a familia na Arxentina e el retornou a Melias de Coles (Soutelo 2017: 181). E a salcedense Dores Troncoso mudou o destino das remesas enviadas polo marido, que antepuía a compra de terras e o plantío de cepas á crianza dos fillos (Soutelo e Vázquez Lojo 2019).

familia, con miras a harmonizaren o benestar dos seus membros presentes e da prole que tivesen²⁶.

Finalmente, os *americanos* combinaron comportamentos políticos e sociais reformistas ou máis radicais en función do éxito económico que acadaran e das súas expectativas de ascenso na sociedade de orixe. Mais esa mestura de republicanismo e laicismo ou anticlericalismo coa cal demostraban a súa modernidade e, sobre todo, o individualismo propio de quen triunfara nas cidades capitalistas da época racharon as esencias da sociedade rural galega e, tamén, a hexemonía das vellas elites locais nun contexto político favorable²⁷.

2.3. As consecuencias políticas da emigración de retorno

Os galegos de América forneceron novas ideas, capitais e actores relevantes para mudaren as dinámicas sociais e políticas locais, principalmente nos concellos rurais e nas vilas pequenas, durante o primeiro terzo do século pasado (Núñez Seixas 1998). O apoio financeiro e humano das sociedades microterritoriais e de instrución de Bos Aires ou A Habana ás asociacións agraristas na súa loita anticaciquil e nos proxectos para mellorar as condicións de vida na sociedade de

²⁶ A análise de casos concretos nas familias Quesada e Rúas Rego indica que a oportunidade de vivir «como unha señora», ceibe dos traballos na labranza e, quizais, do coidado dos fillos, xunto co modelo de submisión feminina transmitida xeracionalmente, sumada á presión materna, convenceron esas mozas para casaren cos vedraños tíos *americanos* retornados (Soutelo 2003).

²⁷ Por iso Vicente Risco denunciou cruamente a desfeita provocada pola emigración e os retornados nas aldeas galegas: «América nos ha mandado la irreligión, el quebrantamiento de los lazos familiares, la falta de respeto, el trato cruel a los ancianos, la frecuencia del adulterio, las prácticas anticonceptivas y el aborto provocado, los placeres contra natura, los narcóticos y estupefacientes, la falta de pudor en las mujeres, la falta de escrúpulos en los negocios, el desprecio de la vida agrícola, la despoblación del campo» (cit. por Núñez Seixas 1992: 53). Risco coñecía casos de «irreverentes», como o *argentino* Constantino Gallego, quen «non quería que a señora da Torre e o conde de Lagariños tiveran toda a terra e os outros [tivesen] que traballar para eles polo caldo [...]. Gustábanlle moito a igualdade e o comunismo [...]. De curas non quería saber nada aínda que era cristiano e conocía ben a Biblia [...]. Por eso o cura de Barra de Miño mandou os falanxistas para que o matasen», segundo a súa filla Pilar (transcrición da gravación depositada no Arquivo Oral do Museo Etnolóxico de Ribadavia).

orixe foron a remesa colectiva da emigración, pois, xunto coa aparente filantropía dos emigrados de éxito, dotaron de infraestruturas básicas (pontes, lavadoiros, fontes e, sobre todo, escolas) centos de aldeas e vilas galegas²⁸.

Os obxectivos desas sociedades microterritoriais determinaban a súa supervivencia e consolidación ou, pola contra, o abandono dos socios que non tiraban o proveito agardado da súa pertenza á entidade. Acadar o equilibrio entre a interacción microsocia coa «parroquia de acá», desenvolvendo proxectos que mellorasen as condicións de vida da veciñanza, integrada tamén polas familias dos ausentes, sen esquecer a atención mutualista e recreativa aos socios, non era doado, como demostraron as pescudas de microescala no Baixo Miño ou no val de Barcala²⁹. Moitas delas desapareceron polas loitas internas derivadas da concentración parroquial dos socios, da primacía dos seus intereses mutualistas e recreativos ou filantrópicos e, sobre todo, da recesión económica dos trinta, que pechou o ciclo migratorio e estrangulou, así, o envío de remesas colectivas para os centros educativos que sostían. A evolución das sociedades microterritoriais fundadas polos emigrantes dezaos en Cuba e Bos Aires é paradigmática neste senso. Hijos del Partido de Lalín xurdiu en 1910 na Habana en resposta ao pedimento dos agraristas locais, nomeadamente a Sociedad de Agricultores,

²⁸ Por iso rexistramos a lembranza desa acción colectiva dos emigrados en prol da súa veciñanza nos testemuños recollidos para o Proxecto de Historia Oral de Galicia. Nicolás Santos, por exemplo, salientou que en Bóveda de Amoeiro «cos cartos dos emigrantes [mercaran] unha casiña por 400 pesetas para agraria [...] [Seu] tío Modesto, que era o presidente, fora a Cuba no 1916 e volveu no 1919 con moitos libros [...] Daba mitins cun maestro de Amoeiro e co Juan Antonio, que era anarcosindicalista e volveu do Uruguay».

²⁹ Os emigrantes da parroquia de Morgadán crearon, sucesivamente, as sociedades Unión Residentes de Morgadanes (Arxentina, 1911) e Hijos de Morgadanes Residentes en el Plata (Uruguai, 1918). Os seus veciños da freguesía de Vincios organizaron na Arxentina Hijos de Vincios Unidos. Uns e outros desenvolveron un importante labor coa fundación de escolas e o fomento da renovación pedagóxica (Malheiro 2002, 2004). A sociedade Hijos de Entienza xurdiu dunha secesión do Centro de Protección Agrícola del Distrito de Salceda de Caselas en Bos Aires porque este antepuña os fins mutualistas e recreativos para os socios, sen esquecer o financiamento das campañas anticaciquís da Federación Agrarista de Salceda de Caselas, e os entenzáns arelaban construír un cemiterio e unha escola na súa freguesía (Soutelo e Vázquez Lojo 2019). A Sociedad de Instrucción Unión Barcalesa fundouse en 1907 na Habana e aínda funciona porque vencellou as funcións mutualistas e recreativas coas instrutivas, sostendo escolas na contorna de orixe dos socios (Liñares Giraut 2013: 56-57).

Oficios y Profesiones de Gresande, que arelaba construír unha escola na freguesía e intentou artellar unha federación comarcal de sociedades agrarias no Deza que fose o álder ego da bonaerense Unión del Partido de Lalín³⁰. Esta xurdiu en 1921 porque os socios de Hijos del Partido de Lalín partidarios de antepor os fins mutualistas e recreativos a abandonaron para fundaren a Asociación Hijos del Partido de Lalín (Protección). Os que preferían a intervención con fins instrutivos e de apoio aos agraristas na contorna de orixe quedaron na Unión del Partido de Lalín, liderada por Jesús Blanco. El e Ramón González Vigide, que formou parte da primeira xunta directiva, representan ben o *americano* activo no agrarismo cando retorna á terra³¹.

A rede de relacións destes *arxentinos* dezaos e a procedencia parroquial dos asociados a ambas as dúas entidades explica a avinza entre a sociedade agraria de Gresande e a Unión del Partido de Lalín³². O vizoso resultado foi a inauguración da escola de Porreiros (Gresande) en novembro de 1922 e outra en Prado tres anos máis tarde³³. Porén, os *arxentinos* rexeitaron o pacto dos dirixentes agraristas lalinenses co bando riestrista local e recomendaron a súa

³⁰ A agraria de Gresande constituíuse o 10 de xaneiro de 1909 (libro de asociacións do Goberno Civil da Coruña) e funcionou ata setembro de 1926. Participou na Asamblea Regional Gallega en 1923 e figura con 278 socios nunha listaxe do *BOP* de Pontevedra do ano seguinte, segundo datos fornecidos polo profesor Cabo Villaverde. Organizaron unha xuntanza das sociedades agrarias no monte para confeccionaren o regulamento desa federación agraria, que debería ser o álder ego da bonaerense Unión del Partido de Lalín (Malheiro 2005: 87-89).

³¹ González Vigide fundou con Ramón Gamallo e Antonio Vidal a pioneira sociedade de Agricultores, Oficios Varios y Profesiones en Gresande, en 1909, e o xastre Jesús Blanco participou no mitin agrarista da Bandeira en 1910 denantes de volver para a Arxentina, onde estivera dende finais do século XIX. Militou no partido socialista arxentino, foi un dos líderes da FSG Agrarias y Culturales e colaborou no seu voceiro *El Despertar Gallego* (1922-1929) e, despois, en *Acción Gallega* ata 1936 (Núñez Seixas 2001: 117-119).

³² O 58,5 % dos socios desta e o 46 % dos da federación agraria procedían de catro freguesías (Cristimil, Donsión, Gresande e Prado-Bendoiro), segundo resulta de comparar os datos de Núñez Seixas (2001: 119) cos apuntamentos de Manuel Vigide sobre os socios das agrarias participantes nesa federación lalinense (arquivo de Antonio Ramos).

³³ A escola de Porreiros levou o nome de Ramón González Vigide e contou, tamén, co financiamento de Hijos del Partido de Lalín en Bos Aires. Semella que incentivaron o mestre Manuel Sánchez para que fomentase no alumnado aprendizaxes significativas e competenciais, alén da simple memorización (Núñez Seixas 2001: 121, 124; Malheiro 2005: 24-25).

depuración³⁴. A pesar do desencanto que da sociedade agraria de Gresande reflicte a correspondencia entre Jesús Blanco e José Peña Surribas, seguiron colaborando con ela a prol dos intereses da veciñanza³⁵. Apoiaron o proxecto dunha escola en Barcia financiado polo *arxentino* Marcelino Otero, xunto con Manuel Ramos Ramos. Aquel puxo do seu peto máis de cen mil pesetas dos anos vinte para construír un predio de dous andares e vivenda para o mestre no terreo doado polos Ramos a carón dunha carballeira centenaria. Os veciños de Barcia e Anseán colaboraron na construción e foron quen de rematala cando Otero abandonou o proxecto, a finais de 1923, canso dos manexos do párroco de Barcia para sacarlle os cartos a conta dunhas obras que non tiñan a calidade establecida no proxecto e acordada co mestre contratado, precisamente, a instancia do maquiavélico crego³⁶.

A actuación das sociedades microterritoriais en simbiose coas agrarias e sostenendo as escolas fundadas en común aumentou considerablemente o capital simbólico dos promotores e líderes, tanto nas parroquias de orixe como entre os emigrados³⁷. Responden ao perfil de home feito a si mesmo que acadou un considerable éxito nos negocios, adoito no sector comercial, e dispuña dunha sólida rede relacional, de tempo e de azos para consagralos aos intereses colectivos

³⁴ Aceptaran a entrada de curas na Federación Agraria Municipal e apoiaron o candidato dinástico a deputado e, como alcalde, o médico Cándido Soto Colmeiro, afillado do «prócer», en troco dunha maioría agrarista de concelleiros (Núñez Seixas 2001: 124).

³⁵ Antonio Sánchez Souto e o *arxentino* Manuel Vigide Fondevila figuraban, respectivamente, como presidente e secretario da sociedade de Agricultores, Oficios e Profesiones de Santiago de Gresande en 1931. Vigide retornara da súa derradeira estadía na Arxentina, seguramente pola recesión económica e a súa idade; investiu os aforros en mercarilles a herdanza da casa paterna aos outros irmáns que tamén emigraran para alá e xestionou a documentación da «agraria» cando estaba na casa, polo que se deduce da documentación conservada no fondo familiar.

³⁶ Remitimos á precisa descrición do conflito en Malheiro (2005: 37, 121 e ss.). O predio funcionou como escola ata 1972. Seis anos máis tarde mercárono 58 veciños e convertérono en local sociocultural.

³⁷ Polo xeral, as «escolas de *americanos*» que funcionaron dende comezos do século pasado entraron en crise nos anos trinta. Outras nin se inaugurarán por atrasos no envío de financiamento ou disputas para decidir a súa situación xeográfica. Boa parte delas convertéronse en escolas da rede pública mediante contratos de arrendo ou de compra cos concellos, como aconteceu coas de Ferreira en San Sadurniño (Núñez Seixas e Soutelo 2005), Valga (Soutelo 2007) e A Baña, Barcala e Brión (Lifiares Giraut 2013).

da veciñanza. Tal fixo Constantino Añel organizando a Sociedad de Instrucción Alianza de Villamarín na Habana en 1910 e dirixíndoa nos anos seguintes³⁸. Comisionaron a Francisco Pérez para «llevar a cabo la fabricación de una casa que sirviera para centro social y se diesen en ella las clases que [pudiesen] sostener»³⁹. Foi a orixe do sólido cacicado que artellou o cubano Pancho de Reádegos en Vilamarín nos anos seguintes, co que mudou o apoio agrarista e dos emigrados polo dos liberais e, finalmente, o dos bugallalistas locais ata a crise final do réxime afonsino⁴⁰. Actuou co pragmatismo atribuído aos «tribunos populares», o mesmo que fixeron outros retornados da emigración que dirixiron organizacións agraristas, como Manuel Martínez Pérez na Unión Campesina da Mariña coruñesa, ou Manuel Mariño Méndez en Salvaterra (Núñez Seixas 1998: 334-339; Cabo 2001: 189). Parte deles acadaron un breve recoñecemento con cargos públicos no quinquenio republicano. Foron máis os que pagaron un alto

³⁸ Xunto co seu cuñado Manuel Guzmán Santeiro. Estreitaron as relacións coa sociedade irmá de Bos Aires para construíren un novo grupo escolar e foron o referente da acción colectiva dos *americanos* na contorna de Vilamarín e Coles. De feito, Añel fomentou, tamén, a fundación da sociedade Progreso de Coles na Habana (Soutelo, 2014). Constantino Añel foi un dos pioneiros no embotellamento do viño para enviálo aos colectivos galegos emigrados en América coa marca Tres Cepas (Domínguez Castro 1992: 262). Guzmán Santeiro estableceu un serradoiro en León (Vilamarín) e acaudillou o Comité Republicano local, que chantou a bandeira republicana no balcón da casa do concello o 11 de abril de 1931. O alcalde López Coba ordenou que se mantivese izada.

³⁹ Citamos da *Memoria de resultados* presentada pola primeira directiva da asociación en 1912. Cincuenta socios doaban 50 centavos mensuais para o mestre dos case 100 nenos da escola da sociedade agraria de Reádegos.

⁴⁰ Francisco Pérez emigrou a Cuba aos catorce anos de idade. Empregouse nunha *bodega* e completou a súa formación nas clases nocturnas do Centro Galego. Cando retornou a Reádegos estableceu unha tenda de ultramarinos na que vendía adubos químicos e sulfatos. Apoiado pola Alianza de Villamarín, exerceu como secretario da sociedade agraria de Reádegos, mestre da escola fundada por esta co apoio dos habaneiros e «axitador» consagrado a organizar o agrarismo nos concellos de Vilamarín e Coles ata 1917. Ese ano *Pancho* pactou cos Mosquera (liberais) e nos seguintes controlou a administración municipal. No verán de 1923 ordenou o embargo de bens ás familias que non pagaran un imposto extraordinario, o que o levou a enfrontarse coas sociedades microterritoriais da Habana e Bos Aires e cos agraristas de Vilamarín, que foron apoiados pola Federación Agraria Provincial e fixeron recuar o propio gobernador provincial. Francisco Pérez recuperou o control da administración municipal en 1925 e mantívoo ata o seu pasamento, parello, case, ao da monarquía afonsina.

custo persoal polo seu activismo, pois padeceron a represión franquista, a morte ou o exilio⁴¹.

Tiveron unha actuación política máis radical os *arxentinos* que retornaron nos anos vinte e, sobre todo, nos trinta a consecuencia da recesión económica que tronzou os seus proxectos migratorios, que os *cubanos*, que volveron antes, con máis aforros e cun considerable prestixio persoal que comprometeron, nalgúns casos, a prol da avinza entre agraristas e emigrados, que dinamizou a sociedade e a economía da contorna⁴². Os que volveron con aforros abondos estableceron pequenos negocios e ascenderon na sociedade de orixe para acabaren integrándose nas elites locais vilegas, no caso da Estrada e de Vilalba (Núñez Seixas 1998: 179-252), ou desprazándoas, no de Teo (Domínguez Almansa 1997), Valga (Soutelo 2007), Coles ou Vilamarín (Soutelo 2014). Algúns deses *cubanos* retornados nas décadas de 1910 e 1920 artellaron unha sólida rede relacional pola súa capacidade para ofrecerem á veciñanza traballo a xornal e axudas puntuais, xa fose na propia explotación, como fixeron os Carbia de Cordeiro (Valga), xa na que xestionaban como caseiros co amo ausente⁴³. Polo xeral, eran republicanos cun comportamento político menos rupturista que o dos *arxentinos* que espallaron ideas anarquistas máis atraentes para os sectores máis precarios da poboación

⁴¹ Foron esa xeración perdida da que fan parte o *cubano* Francisco Moure e o *arxentino* Constantino Gallego, concelleiros republicanos en Coles (Soutelo 2014), ou os máis coñecidos Ramón Beade, que liderou a uxetista Federación Comarcal de Betanzos e foi deputado a Cortes polo PSOE entre 1931 e 1936 (Cabo 1999: 321e 323), Ramón Suárez Picallo e Antón Alonso Ríos, enviados pola Federación de Sociedades Gallegas para reorientaren as organizacións agrarias das bisbarras onde tiñan forza as sociedades de emigrantes (Vedra, Teo, O Condado e O Baixo Miño) cara ao proxecto autonomista (Núñez Seixas 1990: 403).

⁴² Abonde con citar a paciente e xenerosa mediación do *cubano* Ramón Varela para que Progreso de Coles na Habana financiase a construción da escola La Luz da sociedade de agricultores de Coles, fronte á precariedade do presidente da sociedade agraria de Santo Eusebio, pois retornara sen aforros e tivo que «solicitar trabajo a los talleres de ebanistas de La Barra» (actas de sesións do II Congreso Provincial Agrario de Ourense, 19 e 20-II-1922, Biblioteca da Deputación de Ourense), ou á actuación do *arxentino* Constantino Gallego na década seguinte (Soutelo 2014).

⁴³ Francisco Moure Vázquez instalouse como caseiro, coa súa familia, no pazo de Soutullo (Gusteí) cando retornou de Cuba. Participou na maioría das iniciativas sociopolíticas desenvolvidas en Coles ata a Guerra Civil e finou a consecuencia da malleira que lle deron os falanxistas para que descubrixe o agocho dos seus fillos.

local, especialmente no contexto de miseria e crise económica que favoreceu a radicalización dos anos trinta⁴⁴.

A dinámica sociopolítica do concello de Moraña é un bo exemplo dende que os veciños residentes en Bos Aires fundaron a Asociación Pro Escuela Laica de San Martiño de Laxe, imitando a que constituíran os emigrados da Bandeira. Enviaron oitenta pesos para comezar a construír unha escola que funcionou durante dúas décadas grazas ao compromiso dun pequeno grupo de *americanos* que dedicaron a súa capacidade e recursos a ese proxecto transformador da sociedade local⁴⁵. A oposición do párroco e a das elites locais ao asociacionismo agrarista, xunto coa actuación dalgúns *arxentinos*, marcaron a orientación anticaciquil do agrarismo morañés e a importancia que tivo na politización da poboación local nos anos seguintes⁴⁶. Un grupo de comerciantes, mestres e, sobre todo, retornados de América comezaron a publicar o periódico *El Bólido* en 1916 e fundaron a Sociedad Agraria de Moraña en abril do ano seguinte⁴⁷.

⁴⁴ Esta fixo que un retornado de Cuba renunciase á secretaría da sociedade agraria de Bóveda (Amoeiro) cando os socios derrubaron os muros da casa reitoral desa freguesía, segundo Francisco G. S. (Arquivo Oral do MER). E o secretario de Alianza de Villamarín na Habana criticou que as sociedades agrarias de Reádegos e de Vilamarín, presidida esta polo seu tío Manuel Guzmán Santeiro, que militaba en Acción Republicana, apoiasen o deputado radical Basilio Álvarez apelando á súa «ideoloxía de socialistas» (*La Zarpa*, 10 e 18-XI-1933). En Coles dous *arxentinos* (Constantino Gallego de Trasdorrío e Basilio de Meriz) animaron os xornaleiros para «quitar as terras ós ricos e repartirlas ós pobres», segundo Bieito Iglesias de Vilarchao (Arquivo Oral do MER).

⁴⁵ Eles publicaron dende xaneiro de 1911 *La Cultura. Órgano de Propaganda Pro Escuelas de Moraña*, dirixida por José Carbajales coa colaboración dos comerciantes Manuel Fojo Chayán e José Bugallo, que contribuían, tamén, a fundar e soste o periódico de esquerda socialista *El Despertar Galaico* (Núñez Seixas 2002: 52 e 54).

⁴⁶ A Sociedad de Agricultores del Ayuntamiento de Moraña, formada en 1898 ou 1908, segundo as fontes, desapareceu axiña polos ataques dos caciques, o mesmo que aconteceu coa agraria organizada, anos despois, polo médico Antonio Ameijeiras, que mudou de bando ao ser nomeado xuíz municipal (Casal Porto 2003, 2004).

⁴⁷ A primeira comisión directiva desta sociedade e a listaxe dos socios fundadores confirman o protagonismo deses grupos sociais: Salvador Novo volvera de América en 1915 e participou na fundación de *El Bólido*, da agraria e na exitosa campaña electoral de 1917; o *arxentino* Cesáreo Durán era tendeiro de ultramarinos e contratista de obras na Estrada, ao tempo que activo agrarista; Luciano Folgar Monteagudo xa retornara en 1906 para encargarse da escola laica de Laxe, foi redactor de *El Bólido* e escribente no Concello dende 1917 e cobizou a secretaría municipal en 1921, o mesmo que o taberneiro e comerciante

Foi o arranque definitivo do agrarismo morañés, pois venceron nas eleccións municipais de 1917 logo dunha decidida campaña contra o bando dos irmáns Casal Soto. Antonio levaba trinta anos como párroco de Saiáns e foi unha das vítimas do eficaz boicot agrario que arruinou o comerciante Manuel Batallán, xa que perdeu a súa clientela, consonte as consignas agraristas de *El Bólide*⁴⁸. Rexeitáron, tamén, acudir á misa dos curas coligados cos caciques e chamaron pastores reformados que predicaron a súa fe en Moraña. Cegaron con penedos as canles dalgúns muíños e mallaron nos veciños fieis a José Casal Soto, secretario municipal dende 1893, que non foi quen de impedir a renuncia dos concelleiros e, despois, do propio alcalde⁴⁹.

Os irmáns Salgado, que representaban os Sagasta no distrito de Caldas de Reis, recoñeceron os dirixentes agraristas morañeses como novos interlocutores locais, despois da vitoria destes nas eleccións municipais. Mais os emigrados non entenderon que os dirixentes agraristas locais renunciásen aos ideais de rexeneración anticaciquil que compartiran durante anos de loita contra os irmáns Casal Soto e retiraron o seu apoio ao José Manuel Pereira, quen fora o estratega do

de ultramarinos Constante Diz, que asumiu a primeira tenencia de alcaldía en 1918 e reemigrou coa familia en 1930; outro retornado da Arxentina, José Calviño, foi, sucesivamente, concelleiro agrarista e alcalde, representando os intereses do médico Amador Ruibal Fariña, que dirixía os agrarios na sombra competindo con José Manuel Pereira Folgar, un tratante de gando que mantiña negocios en Bos Aires; Calviño presidiu a Cooperativa Agrícola xurdida da excisión do agrarismo morañés en 1921 e foi o alcalde de Moraña entre setembro de 1923 e febreiro de 1924 (Casal Porto 2003: 101 e 102).

⁴⁸ O propio cura Antonio Casal Soto denunciou os feitos no manifesto «a los habitantes honrados, sensatos, cultos y pudientes de este partido de Caldas de Reyes», publicado na prensa do distrito e conservado no arquivo particular de José Casal Porto. Segundo el, «en Moraña doce individuos, casi todos ellos regresados de América solo con los conocimientos prácticos de sus respectivos oficios y alguno de ellos huido de Argentina por la persecución de la justicia [...] [s]e presentaron poseídos por la ciencia infusa y engañaron a los habitantes honrados [...] haciéndoles creer que el triunfo de la sociedad agraria suprimiría las cédulas, consumos e impuestos [...]. Ingresaron en ella más de la mitad de los vecinos [...]. A los cincuenta que se negaron les declararon enemigos y fueron perseguidos con el boicot para privarlos de leche, jornaleros, costureras, carreteros y demás operarios [...] [s]iguiendo las consignas de *El Bólide*».

⁴⁹ Os Casal Soto eran unha familia abastada cunha sólida rede clientelar e José manexaba ben as argucias electorais, polo que reflicte a compilación que redactou en dúas follas soltas conservada por José Casal Porto.

triufo agrarista e se converteu no novo cacique de Moraña⁵⁰. O asunto remite, directamente, ao punto seguinte.

3. AS CARACTERÍSTICAS DO ACTIVISMO POLÍTICO DOS RETORNADOS

É este un dos aspectos mellor descritos polos estudos migratorios das últimas décadas, polo que sintetizamos deseguido o estado da cuestión. En primeiro lugar, o protagonismo real deses *americanos* nas dinámicas sociopolíticas locais dependeu, en boa medida, do seu éxito económico, traducido na capacidade de ofrecer traballo e facer favores (deixando «cartos a réditos» ou «vacas de medias») á veciñanza da contorna, que pasou a integrar a súa clientela. Porén, sobrevalórouse a actuación destes *americanos* como novo actor na sociedade galega da época, subestimando o grupo dos labradores abastados que foron os seus compañeiros de viaxe na mobilización agrarista para mudar as dinámicas políticas locais fronte aos *señoritos* vilegos que controlaban a administración municipal e os sorteos de quintas e reparticións de impostos⁵¹. Ademais, boa parte deses

⁵⁰ Fillo dun notario, exercía como perito agrario, facendo partillas e cobrando rendas forais na contorna. Dispuña dunha notable capacidade de influencia social, presidiu a Sociedad de Oficios Varios en 1917 e desempeñou interinamente a secretaría municipal dende 1918. O novo alcalde, Césareo Durán, e os seus tenentes de alcalde (José Calviño e Constante Diz) foron, na práctica, homes de palla de Pereira García (Casal Porto 2003). Jesús Mariño, efémero alcalde de Porto do Son nos meses finais da Segunda República, foi, tamén, outro *argentino* que exerceu como «xan firmante» dun membro da elite local, neste caso o médico Juan González Devot, que era fillo dun adifeirado *argentino* establecido en Porto do Son a comezos da centuria. Mariño era fillo natural dunha xornaleira que marchou para América coa súa irmá. Jesús retornou con certas habilidades para reparar toneis, baldes e calzado e cunha enciclopedia na que lía adoito o que despois compartía cos veciño na taberna de Beneso (Soutelo e Vázquez Lijó 2018). A fonte pública construída nesta aldea durante o seu mandato e a boa lembranza que gardan del os veciños de máis idade salvagardan a súa memoria, pois os seus restos descansan «na terra» e sen lousa aos pés dos señoriais panteóns das familias dos fomentadores no cemiterio vello de Portosín.

⁵¹ Remitimos ás microanálises realizadas en Teo (Domínguez Almansa 1997), Carballo (Riego Rama 2000), Valga (Soutelo 2007) e Salceda de Caselas (Soutelo e Vázquez Lojo 2019).

retornados establecéronse nas localidades principais da contorna e dedicáronse a actividades comerciais, integrándose nesa pequena burguesía vilega que arelaba controlar a política municipal⁵².

Esa interacción osmótica ou entrecruzada (Núñez Seixas 1998) entre as asociacións agraristas, dirixidas en boa medida por retornados da emigración, e as sociedades microterritoriais fundadas polos veciños residentes nas cidades americanas e a súa confrontación cos *señoritos* das vilas xa foi salientada polos intelectuais galeguistas engaiolados polo soerguemento «valente da aldea que traballa», auxiliada polos seus fillos de alén mar. Ambos os tipos de asociacións fomentaron a identidade parroquial, tan gabada polos nacionalistas das Irmandades, e ofreceron beneficios tanxibles á veciñanza para cohesionárena arredor do programa agrarista que empoderou os sectores máis dinámicos do campesiñado. As familias de labregos e as casas de labradores foron, precisamente, as que procuraron recursos externos na emigración americana. Nela descubriron novas formas de acción colectiva, típicas do movemento obreiro da época (folgas e boicots), que utilizaron contra as elites económicas e políticas locais cando retornaron con expectativas de ascenso social e achegaron as «remesas invisibles» das súas experiencias sindicais, así como ideas (republicanas, anarquistas ou socialistas), ao desafío agrarista contra os notables rurais e vilegos no Baixo Miño (Hervés Sayar 1997), Teo (Domínguez Almansa 1997), Vilalba ou A Estrada (Núñez Seixas 1998).

Porén, a relativa mitificación desa «faciana heroica» da actuación sociopolítica dos *americanos*, como paladíns da veciñanza fronte aos abusos dos rendeiros e caciques locais, desdebuxou outras consecuencias da súa presenza na sociedade

⁵² O *arxentino* Severino Fernández volveu rico a Quintela de Leirado en 1922 e artellou unha rede clientelar da que formaban parte os organizadores de sociedades agrarias do concello, moitos deles retornados, tamén, da república austral, e, sobre todo, as familias ás que lles vendía comestibles «ao fiado», lles arrendaba terras e gandos e lles ofrecía diñeiro e contactos para emigraren a Bos Aires. Contaba coa fidelidade electoral desta clientela e quedaba coas terras hipotecadas por uns e outros como garantía das débedas contraídas (Castro Pérez 2008: 34).

rural e vilega da época. Os que volveron con diñeiro convertéronse en novos *señoritos* que imitaron vellas elites locais: mercaron bens raíces, habitaron casas fachendosas, casaron con mulleres máis novas e viviron de rendas, demostrando que «facer as Américas» lles permitira mellorar substancialmente as condicións de vida da súa familia con relación ás do grupo social de orixe (os «merdentos» labregos). Os veciños do común procuraron emigrar para acadaren un éxito semellante, o que multiplicou as oportunidades de negocio para os comerciantes espelidos, que actuaron como axentes de embarque e prestamistas locais⁵³. As elites rurais desconfiaron deses potenciais competidores que chegaban con perigosas ideas novas mais, tamén, con diñeiro fresco para mercaren as terras que os vellos señores tiñan que vender⁵⁴.

O éxito económico na emigración abría as portas, xa que logo, do ascenso e a relevancia na sociedade de orixe, mesmo controlando a política e o agrarismo locais para orientar este á mellora das explotacións agrarias a través do cooperativismo, como fixeron os Couselo Ferro e os Carbia en Valga⁵⁵. Representan ese

⁵³ Labregos abastados e tendeiros, moitos deles retornados da emigración, enriquecéronse coa xestión da documentación, facendo préstamos e xestionando as remesas dos veciños que emigraban. Fixérono Francisco Pérez en Vilamarín, Severino Fernández en Quintela de Leirado e Pedro Domínguez Gayoso, un «ricacho» de Camba, que era o maior contribuínte de Laza (*Boletín Oficial de la Provincia de Orense*, 186, 28-III-1917, p. 4) e actuaba como correspondente do Banco de Comercio Hispano Argentino na contorna (*Eco de Galicia*, 20-XII-1904).

⁵⁴ O que deixou pegada na memoria familiar e social do Ribeiro, pois Andrés L. A. (Sampaio de Ventose-la) lembraba que o seu pai vendeu un pazo da familia a un veciño de Santo Estevo que «volviera de Estados Unidos con cartos» e «cunha fulana que chamaba a atención». Higinio Abad Carreiro mercou viñedos en Leiro e os *brasileiros* Cendón Pérez compraron rendas forais, abriron unha imprenta e participaron na política local ata que un deles ocupou a alcaldía de Ribadavia (Domínguez Castro 1992: 104, 108, 115-117).

⁵⁵ *Arxentinos* de ambas as dúas familias e doutras casas de labradores organizaron e lideraron o Sindicato Católico Agrícola de Santa Columba de Louro, comprometendo importantes cantidades de diñeiro para mercaren maquinaria agrícola e insumos para a cooperativa de insumos. Co apoio dos veciños emigrados en Bos Aires e Montevideo, construíron a escola de Ferreirós e desprazaron os comerciantes de Pontecesures no control da política local. Constante Couselo desempeñou a alcaldía de Valga entre 1925 e 1929, co seu cunado Gumersindo Ferro como xuíz municipal e cun terzo de concelleiros retornados da Arxentina ou de Cuba. Entre eles, Francisco Carbia, cuxo fillo Celestino aplicou rigorosamente as medidas secularizadoras da República como alcalde dende 1931 e o pagou coa propia vida no verán de 1936 (Soutelo 2007: 360, 382 e ss.).

grupo dos «ricos da aldea» que dispuñan de máis recursos materiais e relacionais para mobilizaren os seus veciños, introduciren maquinaria e novos cultivos actuando como «labradores á moderna» ou estableceren negocios nas vilas e moderaren de maneira progresiva os seus comportamentos políticos, para se faceren cada vez máis conservadores (Núñez Seixas 1998: 349-68). Labregos abastados e retornados da emigración encarreiraron a «doma e castración» do movemento agrarista cara a obxectivos prácticos que mellorasen as condicións de vida da veciñanza mediante a construción de escolas e outras obras de interese común, a mecanización das tarefas agrícolas máis penosas ou ameazadas polo tempo cambiante, como a malla dos cereais, e a presenza nas corporacións municipais para evitaren arbitrariedades fiscais. Por iso fixeron parte das corporacións municipais que, aparentemente, desprazaron as vellas elites locais identificadas cos partidos dinásticos durante a ditadura primorriverista. Encadráronse no sistema de partidos e na nova dinámica clientelar que se estableceu coa Segunda República en concellos rurais como Valga ou Salceda de Caselas ata os comezos da Guerra Civil⁵⁶.

Nas vilas pequenas e medianas os *americanos* non acadaron tanto protagonismo político, senón que adoito se integraron nas redes e «faccións» das elites locais que «sempre mandaran» ou, polo menos, competiran polo poder político municipal e a representación dos partidos dinásticos durante a Restauración. En Salceda de Caselas, por exemplo, o comerciante José González González asumiu a presidencia da xunta administrativa provisional republicana o 19 de abril de 1931 e controlou o Concello, xunto co *baiano* Manuel Quintas González e con Ramón Ferreira Fernández, ata o 30 de xuño. Aplicaron algunhas medidas simbólicas para demostraren que chegaran novos tempos políticos e consolidáronse

⁵⁶ As vellas redes clientelares non desapareceron da sociedade galega en 1931, senón que artellaron unha estrutura caciquil simbiótica sobre o novo modelo político republicano (representativo e de fondos ideais democráticos) pola utilidade electoral das súas prácticas para os novos partidos políticos (Grandío 1999: 185 e 194-195).

na repetición das eleccións municipais, das que saíu unha nova corporación republicana⁵⁷. A composición desta indicaba a permanencia das vellas faccións políticas que competiran durante a crise da Restauración. Estaban, por unha banda, os agrarios anticaciquís, representados por Faustino Juste Domínguez, comerciante e veterano loitador agrarista, que foi o candidato máis votado pola veciñanza. Por outra banda, as poderosas familias representadas por Ruperto Fernández Troncoso e Joaquín Alonso Sestelo. A idade da maioría dos concelleiros evidenciaba a remuda xeracional na política municipal e había unha forte presenza de comerciantes locais ou na emigración que dirixiron, sucesivamente, a corporación municipal. O entenzán Manuel Quintas retornara de Baía e renunciou á alcaldía no verán de 1933 polas súas reticencias ás controvertidas medidas secularizadoras aprobadas polo Goberno republicano, abondo impopulares entre a poboación rural e aplicadas con celo desigual en función do anticlericalismo das corporacións municipais, que provocaron conflitos instrumentalizados polos inimigos da *Nena Bonita*⁵⁸.

Era a propia esencia identitaria de España o que estaba en xogo, pois para a Igrexa e os sectores católicos esa nación alicerzábase no catolicismo, a unidade arredor de Castela e a monarquía. Tres elementos totalmente incompatibles co laicismo, o federalismo e o republicanismo do novo réxime, como sinalou Emilio Grandío (2010: 145-149). E os retornados da emigración tomaron posición, tamén, neste conflito, tanto nas súas manifestacións persoais como na actuación dos que desempeñaron cargos públicos a nivel municipal. Contrasta, certamente, o xacobinismo de Celestino Carbia, alcalde de Valga, co pragmatismo que demostraron, por exemplo, os seus homólogos de Salceda de Caselas ou

⁵⁷ Fixeron públicos os movementos de fondos do Concello, mudaron os nomes dalgúñas rúas da Esfarrapada para visibilizaren o cambio de réxime e organizaron un mitin na rebautizada «praza da República», no que interviñeron veteranos agraristas do Condado canda Amado Garra e José González (Soutelo e Vázquez Lojo 2019: 153).

⁵⁸ A secularización dos cemiterios e o control das manifestacións relixiosas en espazos públicos, en cumprimento dos principios constitucionais de 1931 desenvolvidos na Lei de secularización de cemiterios do 31-I-1932 e no artigo 7 do Regulamento do 8-IV-1933 (Grandío Seoane 2010: 158).

Porto do Son⁵⁹. Nestes concellos predominou a corrección nas relacións entre as autoridades municipais republicanas e o clero local por enriba dalgunha disputa derivada do contexto de radicalización, tanto anticlerical como reaccionaria, que marcou a evolución política da Segunda República⁶⁰. De feito, a corporación de Salceda discrepou do acerto da normativa referida á construción de cemiterios civís polos Concellos e á incautación dos católicos e non a aplicou con rigorosidade, como apunta unha moción presentada polo alcalde Manuel Quintas en maio de 1933. O sucesor deste comerciante *baiano* na alcaldía tamén contemporizou cos católicos e autorizou de xeito sistemático as solicitudes para oficiar misas con procesión no día da festa patronal das freguesías, porque eran días de lecer fundamentalmente enraizados na sociabilidade da veciñanza da bisbarra⁶¹.

En Porto do Son, algúns membros do Centro Republicano tentaron espallar o anticlericalismo parapetados nesa nova lexislación e acusaron o alcalde Fernández Casal de contemporizar cos «elementos caciquiles, monárquicos y clericales». Reclamaron ao gobernador civil que o obrigase a prohibir os repeniques de campás e as procesións da Semana Santa para evitar «el choque de la intransigencia católica con el espíritu republicano local herido en su amor a la libertad»⁶². Este xacobinismo foi manipulado con habelencia polos sectores católicos locais

⁵⁹ Tanto na incautación dos cemiterios parroquiais de Cordeiro, Xanza e Valga neste concello pontevedrés como nas multas aos párrocos de Campaña e de Xanza como organizadores das festas patronais sen solicitaren a preceptiva autorización das alcaldías para realizaren as tradicionais procesións ata os cruceiros correspondentes. Esas sancións constaron na acusación da causa que condenou a morte a Celestino Carbia (Soutelo 2007: 353-355).

⁶⁰ Sirva de exemplo a denuncia ao gobernador civil dos comentarios antirrepublicanos vertidos polos curas de Salceda e Parderrubias (*El Tea*, 14-I-1933). Semella, porén, que os párrocos locais aceptaron como un mal menor a lexislación republicana secularizadora dos espazos públicos e solicitaron autorización para realizaren as procesións, feitas «como [era] de costumbre desde tiempo inmemorial», sabendo que a alcaldía daría o seu consentimento, polo que indica a correspondencia co Goberno Civil conservada no Arquivo Municipal de Salceda de Caselas. De feito, Manuel Quintas conseguiu que o gobernador civil perdoase unha multa de 50 pesetas imposta ao cura de San Xurxo (nota do Goberno Civil de Pontevedra para a alcaldía de Salceda a 13-VIII-1931, c. 21.30, AMSC).

⁶¹ Cándido Romero fixo que unha comisión de festas se comprometese a organizar as festas da Purísima en 1933 perante el mesmo e o comandante do posto da Garda Civil (Soutelo e Vázquez Lojo 2019: 160-161).

⁶² Carta asinada por José Caeiro Caamaño como presidente do dito centro o 20-II-1932 (ARG, 2757).

para afastaren a poboación do réxime republicano e dos alcaldes que aplicaron con rigor aquelas medidas laicizadoras, o que provocou fortes reaccións en diversos concellos galegos dende 1933. O alcalde de Oleiros, por exemplo, non puido tomar posesión do cemiterio de Serantes en maio de 1933 (Grandío Seoane 2010: 158, 167). E o de Porto do Son enfrontouse a problemas semellantes nas freguesías de Caamaño e Xuño ao longo dese mesmo ano. Remitiu ao gobernador civil a demanda de municipalización do cemiterio parroquial de Caamaño, asinada por setenta veciños da freguesía, considerando que excedía as competencias municipais⁶³. Porén, actuou nun conflito idéntico entre o cura de Xuño, José Lorenzo Vieites, e os seus fregueses apoiando dun xeito salomónico a incautación civil dese cemiterio: «La mayor parte de los curas rurales se consideran no solo curas de la parroquia, sino jueces, alcaldes, secretarios, etc. [...], tratando a los feligreses como esclavos [...]. Este alcalde está dispuesto a guardarles la consideración que merecen los señores curas pero también a combatir toda clase de abusos que traten de hacer con sus humildes feligreses»⁶⁴.

Non foi casualidade que os alcaldes citados de Porto do Son e Salceda de Caselas superasen sen grandes problemas as depuracións franquistas, mentres que a Constantino Carbia lle riparon a vida e arruinaron a súa familia. Tres casos que convidan a repensar o mito do republicanismo e anticaciquismo dos retornados da emigración, pois os seus comportamentos políticos variaron en función do capital económico e cultural que traían cando volveron de «facer as Américas», como fomos vendo nas páxinas anteriores. Aqueles *cubanos* retornados nos anos dez e vinte que se integraron nas elites locais como emprendedores «labradores á moderna», comerciantes ou accionistas en actividades industriais, proxectando unha imaxe de progreso material e modernidade nas súas casas, familias e persoas, conservadurizáronse ante a evolución política da Segunda

⁶³ Oficio do alcalde do Son para o gobernador civil do 3-I-1933 (ARG, 2762).

⁶⁴ A desavinza acadara niveis surrealistas cando o párroco acusou os sepultureiros de faceren negocio cos nichos e o xefe da Sección de Primeiro Ensino de Pontevedra denunciou que o crego adubaba a súa horta con terra do camposanto (oficio do alcalde do Son ao gobernador civil do 11-IX-1933, ARG, 2762).

República. Por unha banda, porque a xeración máis nova de *arxentinos* retornados con menos fortuna e máis concienciación de clase os desprazou no protagonismo na política local e, por outra, porque viron ameazados o seu patrimonio e os seus negocios. As últimas cartas de Constante Couselo reflicten a pegada dos discursos catastrofistas que xustificaron a rebelión militar e fascista do verán de 1936 nese sector de labradores e retornados da emigración que estaban no outono da súa vida e vían esmorecer os aforros que xuntaran alá. Moitos deles depositaron as súas arelas na CEDA de Gil Robles ata a primavera de 1936: «[Cordeiro, enero 25 de 1934] [...] Gracias que tenemos unos diputados de las derechas que son la flor y están ocupándose de estas cosas, aunque el Gobierno es algo podrido imitando a los anteriores. Pero como tiene vida por las derechas no tiene más remedio que atenderlos. En esta provincia no salió uno de las izquierdas, nada más que radicales y derechas»⁶⁵.

Fixo o mesmo o *cubano* Constantino Añel, establecido en Ourense e integrado rapidamente nos sectores máis conservadores da cidade nos anos vinte do século pasado. Investiu os seus aforros en inmobles e desenvolveu un comportamento político moi conservador (militou na CEDA durante a Segunda República)⁶⁶. Semella que animou a organización de milicias falanxistas en Vilamarín despois da vitoria electoral da Fronte Popular en febreiro de 1936: «O Constante Añel e o Benjamín, que tamén estivera en Cuba, empezaron a meterme na cabeza que me fixera de Falange, decían que era para poñer orde [...]. Tíñanlle medo aos comunistas, porque querían facerse cos diestros do cura e repartir entre eles os capitales dos máis ricos»⁶⁷.

⁶⁵ Constante Couselo descríbelle ao seu fillo Avelino, que estaba en Bos Aires dende 1928, a situación política derivada das eleccións ás Cortes de 1933 (Soutelo 2007: 488-489).

⁶⁶ Concelleiro por Acción Popular Agraria, dende 1931 presidiu esta formación despois das eleccións de novembro de 1933. O seu fillo Constantino Añel de la Fuente vicepresidiu as mocidades da JAP e el mesmo dirixiu o proceso de disolución de Acción Popular para integrala no Movimiento (Prada 2005: 88, 309).

⁶⁷ Reproducimos as lembranzas de Ramón Pulido da Ría, de Vilamarín (gravación depositada no Arquivo Oral do MER). Trátase dun testemuño singular por ser el fillo dun dirixente de Unión de Vilamarín en Bos Aires, militante de Falanxe en 1936 e alcalde de Vilamarín na posguerra.

Coincidiron nese proxecto involucionista con outro retornado da emigración, o *arxentino* José Mosquera, que creou as Juventudes de Acción Popular locais, de triste lembranza polas súas accións represivas nos meses posteriores á sublevación militar de xullo de 1936. Era membro dunha familia abastada de Tamallancos que liderou o bando liberal nos derradeiros anos da Restauración, mantivo o control do Concello durante a ditadura de Primo de Rivera e apoiou a Manuel Bermello Álvarez, párroco de Reádegos, para artellar as forzas conservadoras nun grupo local de Acción Popular Agraria nos primeiros anos da Segunda República. Unha reacción idéntica á dos Couselo Ferro en Valga, que xa vimos máis arriba. O propio Gumersindo Ferro gababa a feroz represión aplicada nos primeiros meses da guerra na correspondencia co seu sobriño, Avelino Couselo⁶⁸. As cartas conservadas por este último demostran a fonda pegada das irracionais alocucións radiofónicas do xeneral Queipo de Llano e do afouto discurso anticomunista dos sublevados na percepción da realidade sociopolítica por estes *americanos* abastados e vedraños.

[19 de enero de 1937] [...] Me dices en la tuya que llegaron ahí varios vecinos comunistas [...]. Ojalá no vuelvan a España o que antes de venir los coman los tiburones pues eran la escoria de este país y no hacen más que engañar a los infelices y conducirlos a la perdición. Cuántos por sus doctrinas fueron a la ruina y la muerte [...]. Las ramas podridas de la humanidad hay que cortarlas para que España pueda resurgir victoriosa y pujante de esta lucha que sustenta contra esos satélites infernales del comunismo ruso [...]. Por culpa de esos depravados se está vertiendo tanta sangre inocente. Malditos sean de Dios y de los hombres, andarán errantes como judíos por el mundo y aborrecidos de

⁶⁸ Serviu de intermediario para manter o contacto co seu fillo Jesús [Ferro Couselo], que estaba opositando en Madrid cando estourou a sublevación militar e fascista contra o Goberno da República. O mozo tivo problemas coas autoridades franquistas cando regresou a Valga porque os Carlés de Pontecesures denunciaron as súas simpatías esquerdistas, segundo nos explicou o propio José Couselo. Acusación carente de fundamento, de atendermos á produción historiográfica posterior de don Xesús Ferro Couselo (Villares 1997: 165 e ss.).

sus vecinos pues no serán dignos de cobijarse bajo nuestra bandera. Lástima que no se hallaran aquí para pagar sus crímenes⁶⁹.

A realidade que descubriron as pescudas microhistóricas é agridoce, abofé. Por un lado, abonda con consultar a base de datos do proxecto Nomes e Voces para concluír que os *americanos* foron un dos principais colectivos vítimas das diversas modalidades represivas do xenocidio político perpetrado polas autoridades franquistas e os seus secuaces en Galicia durante a Guerra Civil e a posguerra⁷⁰. Porén, temos constatado a presenza de retornados da emigración nas comisións xestoras nomeadas polos franquistas durante a Guerra Civil e nas corporacións municipais da posguerra⁷¹. Ao cabo, eles formaban parte das elites locais e a vida continuaba naquel tempo novo de apoteose azul. As xentes do común tiveron que adaptarse á longa conxuntura de medo e fame, da que fuxiron coa nova vaga migratoria da década de 1950. Unha continuidade imposta que a maioría das pescudas esqueceron, ao estudaren polo miúdo as mudanzas acontecidas na sociedade local nas décadas anteriores á Guerra Civil mais non

⁶⁹ O parágrafo que reproducimos procede da terceira epístola de Gumersindo Ferro a Avelino Couselo Ferro (A.F.C.F.).

⁷⁰ En Valga, por exemplo, a maioría dos vinte e dous veciños denunciados «que más se significaron por su simpatía y actuación izquierdista» eran traballadores manuais, parte deles estiveran emigrados en América e moitos tiñan familiares directos alá, o que indica que se politizaron nesas experiencias sociolaborais, contaxiándose da perigosa arela dun mundo máis xusto e solidario. Reproducimos entre comiñas a frase da relación de extremistas, comunistas, republicanos e socialistas remitida polo Concello de Valga ás autoridades franquistas, do 27-1-1938 (expte. 16, c. 597, A.M.V.). Tres dos cinco supostos militantes de Izquierda Republicana denunciados, outros tantos dos sete do PSOE e o único comunista eran fillos de emigrados na Arxentina entre 1920 e 1924. Nela residían, nesas datas, dous dos nove supostos militantes da CNT e para alá fuxiu o seu camarada Satiro Vázquez Rei en 1936 (Soutelo 2007: 388-389).

⁷¹ Sirvan de exemplo a remuda do protagonismo dos *cubanos* Nogueurol e Moure por Ramón Iglesias Pereira, outro retornado da Illa, en Coles, ou a dos Carbia polo «retorno político» dos Couselo-Ferro en Valga. Gumersindo Ferro Barreiro mantivo a depositaría municipal que desempeñaba dende 1935 e formou parte da nova comisión xestora do concello de Valga, nomeada en febreiro de 1940, canda o ebanista Aquilino Pardal Magán (un «xan firmante» de Otero Bárcena) e Simeón Anido, un funcionario municipal convertido no xefe local de Falanxe (providencia do gobernador civil do 26-II-1940, expte. 10, c. 1 A.M.V.). Ademais, dirixiu o sindicato agrario de Cordeiro como xefe da casa de Novaiño logo do pasamento do seu cuñado Constante Couselo.

durante os anos desta nin nos posteriores. A imaxe resultante é tan incompleta e parcial como a percepción social da emigración en función das expectativas das familias, os veciños e os paisanos que agardaban na «parroquia de acá» a axuda xenerosa dos que marcharan. Acae, por iso, deixar constancia da reflexión final de Antonio Abellás, un retornado de Venezuela ao Carballiño a comezos da década pasada: «Que queren os de eiquí? Primeiro que te vaias polo mundo, para que lle deixes sitio porque traballo para todos non había. Despois que gañes moitos cartos e que os mandes [...]. Pero tu que morras alá e que non veñas disfrutalos acá! [...] Eu non pido un altar para os que nos fomos, pero respecto sí».

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ARCA CALDAS, Olimpio (1995): *Callejero Histórico de la Villa de A Estrada*, A Estrada, ed. do autor.
- BERNÁRDEZ SOBREIRA, Antonio / Isidro ROMÁN LAGO (2007): *Labrando na rebelión: societarismo e populismo agrario en Galiza*, Vigo, A Nosa Terra.
- CABO VILLAVERDE, Miguel (1999): *A integración política do pequeno campesiñado: o caso galego no marco europeo, 1890-1939*, tese de doutoramento, Santiago, Universidade.
- CABO VILLAVERDE, Miguel (2001): «Os “americanos” e o movemento agrarista (1900-1936)», *Estudios Migratorios*, 11-12, 169-192.
- CARMONA BADÍA, Xoán (1984): «Los indianos y la cuestión industrial en la Galicia del siglo XIX», *Indianos*, monografía 2ª de *Los Cuadernos del Norte*, 45-49.
- CASAL PORTO, José (2003): «Historia do asociacionismo agrario local», *A Taboada*, 6, 99-128.
- CASAL PORTO, José (2004): «Notas sobre as primeiras asociacións políticas e sociedades agrarias de Moraña», *A Taboada*, reedición dos números 0 e 1, ano 5, 45-50.
- CASTRO PÉREZ, Felipe (2008): «A ruptura da convivencia nas terras de Celanova», en Aser Álvarez / Xoán Carlos Domínguez Alberte (coords.), *Represión, solidariedade e resistencia antifranquista*, Santiago de Compostela, Asociación Arraianos, 41-52.
- DOMÍNGUEZ ALMANSA, Andrés (1997): *A formación da sociedade civil na Galicia rural: asociacionismo agrario e poder local en Teo (1890-1940)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia / Concello de Teo.
- DOMÍNGUEZ CASTRO, Luís (1992): *Viños, viñas e xentes do Ribeiro: economía e patrimonio familiar, 1810-1952*, Vigo, Xerais.
- FERNÁNDEZ BASCUAS, María Jesús (1998): «Unha aproximación ó estudio da chegada e desenvolvemento do alumado público eléctrico na Estrada (1900-1950)», *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, 1, 151-167.
- FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (1992): *Labregos con ciencia: Estado, sociedade e innovación tecnolóxica na agricultura galega, 1850- 1939*, Vigo, Xerais.
- FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (1997): «Selección de innovacións en una agricultura atlántica de pequenas explotacións. Galicia, 1900-1936. La adopción de las trilladoras mecánicas», *Noticario de Historia Agraria*, 14, 133-163.
- GARCÍA LÓPEZ, Emilia / Herminia PERNAS OROZA (1999): « Emigración americana e retorno na Mariña luguesa: o concello de Cervo (1900-1930)», *Estudios Migratorios*, 7-8, 121-153.
- GARCÍA LÓPEZ, José Ramón (1992): *Las remesas de los emigrantes españoles en América. Siglos XIX y XX*, Oviedo, Fundación Archivo de Indianos / Ediciones Júcar.
- GRANDÍO SEOANE, Emilio (1999): *Caciquismo e eleccións na Galiza da Segunda República*, Vigo, A Nosa Terra.
- GRANDÍO SEOANE, Emilio (2010): *A Segunda República en Galicia: memoria, mito e historia*, Vigo, Nigra Trea.
- HERVÉS SAYAR, Henrique (1997): «O unicato bugallalista: Pontearas, 1891-1923. Elementos para unha análise do caciquismo e do clientelismo político na Galicia da Restauración», en Lourenzo Fernández Prieto / Xosé M. Núñez Seixas / María Aurora Artiaga Rego / Xesús Balboa López (eds.), *Poder local, elites e cambio social na Galicia non urbana (1874-1936)*, Santiago de Compostela, Universidade, 213-224.

- ISZAEVICH, Abraham (1991): «Emigrantes, solteras y curas: la dinámica de la demografía en las sociedades campesinas españolas», en Joan Prat / Ubaldo Martínez / Jesús Contreras / Isidoro Moreno (eds.), *Antropología de los pueblos de España*, Madrid, Taurus, 280-293.
- LIÑAREZ GIRAUT, Xosé Amancio (2013): «A marca da emigración americana nas escolas de Barcala, A Maía e Xallas», en Julio Hernández Borge / Domingo L. González Lopo (eds.), *Gallegos en la diáspora: éxodos y retornos*, Santiago de Compostela, Universidade, 47-81.
- LÓPEZ FACAL, Xoán Xosé (2014): *O banco de Olímpio Pérez, 1880-1936*, tese de doutoramento, Santiago de Compostela, Universidade.
- MALHEIRO GUTIÉRREZ, Xosé Manuel (2002): «Aurora del Porvenir: a escola fundada polos emigrantes miñotos», *Pontevedra*, 17, 79-92.
- MALHEIRO GUTIÉRREZ, Xosé Manuel (2004): «A “Escola Americana” do Val Miñor: modernización e reforma pedagóxica na Galicia do primeiro tercio do s. XX», *Sarmiento*, 8, 21-41.
- MALHEIRO GUTIÉRREZ, Xosé Manuel (2005): *Os lalinenses en América: proxectos educativos e organización escolar*, Lalín, Alvarellos.
- MALHEIRO GUTIÉRREZ, Xosé Manuel (s. d.): «Escola de Barcia. Lalín», *Enciclopedia da emigración galega*, Departamento de Migración da Confederación Intersindical Galega, s. l. (http://www.encyclopediadaemigraciongalega.com/escolas/filantropos/Escola_Barcia.htm) [última consulta: agosto, 2018].
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (1990): «Emigración y nacionalismo gallego en Argentina, 1879-1936», *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, 15-16, 379-406.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (1992): *O galeguismo en América, 1879-1936*, Sada, Edición do Castro.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (1998): *Emigrantes, caciques e indianos: o influxo sociopolítico da emigración transoceánica en Galicia, 1900-1930*, Vigo, Xerais.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (1999): «A parroquia de alén mar: algunhas notas sobre o asociacionismo local gallego en Bos Aires (1904-1936)», *Sémata. Ciencias Sociais e Humanidades*, 11, 354-79.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (2001): «Lalinenses emigrados na Arxentina pola República: notas a un discurso de 1931», *Anuario de Estudos e Investigacións do Deza*, 3, 111-131.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (2002): *O inmigrante imaxinario: estereotipos, representacións e identidades dos gallegos na Arxentina (1880-1940)*, Santiago de Compostela, Universidade.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. / RAÚL SOUTELO VÁZQUEZ (2005): *As cartas do destino: unha familia galega entre dous mundos (1919-1971)*, A Coruña / Vigo, Deputación Provincial / Galaxia.
- PEÑA SAAVEDRA, Vicente (1991): *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar: la impronta educativa de la emigración transoceánica en Galicia*, A Coruña, Xunta de Galicia.
- PEÑA SAAVEDRA, Vicente (1995): «As sociedades galegas de instrución: proxecto educativo e realización escolares», *Estudios Migratorios*, 1, 8-83.
- PEÑA SAAVEDRA, Vicente (ed.) (2012): *Lucas de alén mar: as escolas de americanos en Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- PIÑEIRO, Ramón ([1956] 2006): «Ponencia encol da Emigración vista dende Galicia», *Primeiro Congreso da Emigración Galega: documentación, crónicas*, edición facsimilar, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 71-76.
- PRADA RODRÍGUEZ, Xulio (2004): *Ourense, 1936-1939: alzamento, guerra e represión*, Sada, Edición do Castro.
- PRADA RODRÍGUEZ, Xulio (2005): *A dereita política ourensá: monárquicos, católicos e fascistas (1934-1937)*, Vigo, Universidade.

- RIEGO RAMA, Silvia (2000): *Control social y proyectos políticos en una sociedad rural: Carballo, 1880-1936*, Documentos de traballo do IDEGA (Historia, 9), Santiago, Universidade.
- SOUTELO VÁZQUEZ, Raúl (1998): «Algunas estrategias reproductivas de las familias campesinas en la Galicia rural. Los grupos domésticos de caseiros en Ourense, 1880-1960», *Sociología del Trabajo*, 33, 131-154.
- SOUTELO VÁZQUEZ, Raúl (2003): «Ángeles Quesada González. Una familia asturiano-gallega haciendo las Américas por el mundo», *Migraciones y Exilios*, 4, 135-142.
- SOUTELO VÁZQUEZ, Raúl (2007): *Emigración de retorno e dinámicas sociopolíticas locais na Galicia rural*, Valga, Concello.
- SOUTELO VÁZQUEZ, Raúl (2009): «Laureano Salgado», en Xoán Carmona Badía (coord.), *Empresarios de Galicia*, vol. 2, A Coruña, Fundación Caixa Galicia, 196-220.
- SOUTELO VÁZQUEZ, Raúl (2012): «Emigración, cambio social e politización na Galicia rural: 1880-1960. Unha perspectiva local e microsocia», tese de doutoramento, Vigo, Universidade.
- SOUTELO VÁZQUEZ, Raúl (2014): *Emigración, negocios e política na Galicia rural: Coles, 1887-1940*, Ourense, Deputación Provincial.
- SOUTELO VÁZQUEZ, Raúl (2017): *Entre Ourense e América: a emigración nos proxectos de vida de diferentes tipos de familias na Galicia rural (1880-1960)*, Ourense, Deputación.
- SOUTELO VÁZQUEZ, Raúl (2019): «Traficantes de soños. Os beneficiados da emigración a América», en Isidro Dubert (ed.), *A morte de Galicia*, Vigo, Xerais, 172-201.
- SOUTELO VÁZQUEZ, Raúl / José Manuel VÁZQUEZ LIJÓ (2018): *O Son que coñeceu Ramón Caamaño: xentes e espazos dentro e fóra do marco fotográfico*, A Coruña, Deputación.
- SOUTELO VÁZQUEZ, Raúl / María Xosé VÁZQUEZ LOJO (2015): *Emprendedores rexos en tempos duros: a integración dos galegos en Venezuela e no Brasil durante o século XX*, Ourense, Deputación Provincial.
- SOUTELO VÁZQUEZ, Raúl / María Xosé VÁZQUEZ LOJO (2019): *Salceda de Caselas nos tempos da emigración a América: evolución da poboación, a economía e as dinámicas sociopolíticas locais (1880-1960)*, Pontevedra, Deputación.
- VÁZQUEZ GONZÁLEZ, Alexandre (2015): *Emigrantes galegos, transportes e remesas (1830-1930)*, col. Galicia Exterior, Santiago de Compostela / A Coruña, Consello da Cultura Galega / Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- VÁZQUEZ VILA, Daniel M. (2013): «Las remesas inmateriales, culturales y educativas de las migraciones gallegas», en Julio Hernández Borge / Domingo L. González Lopo (eds.), *Gallegos en la diáspora*, Santiago de Compostela, Universidade, 15-46.
- VELASCO SOUTO, Carlos F. (1994): «O campesinado galego no século XIX nas fontes literarias e judiciais: por unha revisión de certos tópicos tradicionais» en Jesús de Juana López / Xavier Castro Pérez (eds.), *VII Xornadas de Historia de Galicia: novas fontes, renovadas historias*, Ourense, Deputación Provincial, 75-89.
- VILLARES PAZ, Ramón (1982): *La propiedad de la tierra en Galicia (1500-1936)*, Madrid, Siglo XXI.
- VILLARES PAZ, Ramón (1984): «El indiano gallego. Mito y realidad de sus remesas de dinero», *Indianos*, monografía 2ª de *Los Cuadernos del Norte*, 29-34.
- VILLARES PAZ, Ramón (1997): *Figuras da nación*, Vigo, Xerais.

Bibliografía de época

- ALIANZA DE VILAMARÍN, Sociedad de Instrucción (1912): *Memoria de los trabajos realizados por la Junta Directiva desde el 1.º de abril de 1909 a 31 de mayo de 1911*, La Habana, Imprenta de Cerdeira, Obrapia y Aguiar.
- MARTÍNEZ-RISCO Y AGÜERO, Vicente ([1936] 1980): «Provincia de Orense», en Francisco Carreras y Candi (dir.), *Geografía General del Reino de Galicia*, vol. X da ed. facsimilar de Ediciones Gallegas, A Coruña (orixinal de Casa Editorial Alberto Martín [Barcelona]).
- MARTÍNEZ-RISCO Y AGÜERO, Vicente ([1929] 1993): *Unha parroquia galega nos anos 1920-1925*, Alicerces, Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego.
- PEÑA NOVO, Lois ([1929] 1995): «El dinero del emigrante», *El Pueblo Gallego*, 1 de febreiro, 1-2, en Justo G. Beramendi / Manuel Roca Cendán (eds.), *Lois Peña Novo: obra completa*, 2 vols., Santiago de Compostela, Universidade.
- VILLAAMIL Y CASTRO, José (1883): *Origen de los foros en Galicia. Causas de su decadencia actual. Ventajas e inconvenientes de su transformación para la agricultura e industrias que de ella se derivan*, s. n., Madrid.